



Santiago, 4 de decembro do 2020

Estimadas familias:

Volvemos a poñernos en contacto con vós para ir comunicando as distintas novidades que imos ter nos próximos días.

A semana do 9 de decembro comezaremos a abrir a tenda de Comercio Xusto. Como novidade e para respectar todos os protocolos que dende o colexio se foron tomando teremos o seguinte horario:

PRIMARIA: Luns, mércores e venres de 9:00 a 9:15.

SECUNDARIA- BACHARELATO: luns e xoves no tempo de recreo.

Este ano temos na recepción do colexio un expositor no que poderedes ver e tamén comprar os produtos de Comercio Xusto

De todos os xeitos, lembrade que poderedes seguir facendo os vosos pedidos a través da recepción do colexio ou ben por correo electrónico no enderezo: lasalle_santiago@proyde.org

Tamén queremos anunciar que xa poderedes encargar as vosas **CESTAS** con produtos de Comercio Xusto. Para máis información poderedes chamar ao colexio ou mandar un correo a lasalle_santiago@proyde.org

Ademais queremos anunciarvos algunhas iniciativas que levaremos levar a cabo neste curso.

Dende as tres delegacións galegas, un ano máis, decidimos unir os nosos esforzos por un proxecto anual común. Este ano escollemos, ante a realidade actual e a sufrida o ano pasado por mor das catástrofes, apoiar o proxecto de "Ayuda Humanitaria para atender las necesidades básicas de las familias refugiadas y desplazadas más vulnerables afectadas por la pandemia COVID19 y la explosión en Beirut".



Concretamente axudaremos ao Proxecto Fratelli que no 2016 uniu a Irmáns de La Salle e Irmáns Maristas para atender a nenos/as e as súas familias desprazados polas guerras de Siria e Irak, xunto coa Fundación Vicente Paul e Cáritas Líbano. Deste programa beneficianse máis de 900 nenos/as e mozos (engadindo ás súas familias) nos centros educativos de Beirut e Sidón.

Esta é unha pequena presentación do proxecto no que iremos afondando ao longo do curso, con máis iniciativas das que vos iremos informando.

PROYDE Galicia quere apostar, dar visibilidade e axudar a persoas que están en risco de exclusión social no noso país. Un dos nosos principios é que as persoas coas que traballamos cheguen a acadar a súa independencia económica e social. Por iso decidimos colaborar cun proxecto de **máscaras solidarias, éticas e sostibles;**

- 100% algodón. Filtro no medio con dúas capas de algodón
- Certificación UNE-EN ISO 14683:2019
- 60 lavados
- Cor branca cun pequeno logo de PROYDE Galicia nun lateral
- Prezo; 7,50
- Tallas XS a XL (S talla para 10 anos apróx.)

Ademais queremos presentarvos un proxecto que levamos anos soñando, e que por fin verá a luz. É un sinxelo **calendario anual de mesa**, no que queremos presentar dalgunha maneira e agradecer o labor que levaron a cabo con PROYDE algúns dos nosos voluntarios. Nel poderemos encontrar algún dos profesores, animadores ou antigos alumnos que nun momento da súa vida decidiron pasar un tempo colaborando con PROYDE. Tamén pretende ser un recordo amoroso para o noso finado compañeiro e irmán Luís Rebolledo, que sempre atento á chamada de PROYDE a tantos de nós nos acompañou nas experiencias de verán. **Terá un custo de 6€ .**

Para **reservar** tanto o calendario como as máscaras cubride o resguardo adxunto e asinádeo. Por favor marcade sempre aquilo que queredes reservar e a cantidade. Teremos **ata o 14 de decembro** para recibir as reservas.

O seu importe pasarase polo recibo escolar.

Graciñas por todo e vos seguiremos informando.

Delegación PROYDE La Salle Santiago

Entregar antes do día 14 de decembro



Eu _____ pai/nai/titor do alumno

_____ da clase _____ autorizo o cargo por recibo colexial

Calendario PROYDE 6€ Cantidad: _____

Mascarilla PROYDE 7'50€

Talla XS S M L XL

Asinado: